

Compostela, 30 de xaneiro do 1.958

Sr. D. Luís Seoane  
B. AIRES.

Meu querido amigo:

Recibín e lin con todo interés o teu novo libro "La Soldadera". Pra che decir a verdade, estou mesmamente asombrado da tua estradordinaria capacidade creadora, non menos sorprendente pola intensidade que pola diversidade dos seus campos de cultivo. Semella talmente que tiveras dentro de ti a enerxía de media dúcea de homes dinámicos. Como eu non teño nin a décima parte desa capacidade de traballo, ademiro moito, cada día máis, a tua inesgotábel fertilidade espritoal.

Desta máis recente obra pouco che poido decir dada a miña impericia crítica en materia de teatro, que quizáis seña estensiva a toda materia literaria a xuzgar polas airadas protestas que teñen provocado os poucos xucios valorativos que fixen en tal terreo. Vexo que insistes unha vez máis, nesta ocasión por via teatral, en lles percurar ouxetividade artística ás tuas vellas e sinceiras inquedanzas de tipo social-revolucionario. Tes pleno dereito a facelo, que duda cabe, máis aínda no teu caso, en que tales inquedanzas responden a sentimentos moi arraigados. Pro non deberás esquencer, con todo, que tal camiño é abondo arriscado, como se pode ver contemplando a gran cantidade de producións artístico-literarias dese tipo nas que os resultados estéticos son tremendamente febles. Cando un escritor ou un artista se pon a dar voltas e máis voltas arredor dunha ideoloxía -seña ou non revolucionaria, pois o resultado é o mesmo- acércase perigosamente ó artificio, que é bastante distinto -tí sábelo millor que eu- do arte verdadeiro. O xirar demasiado insistentemente arredor dun punto, ademais de que impide unha visión crara da realidade... produce mareo. Afortunadamente, a ti non che ten ocorrido tal cousa polo ágorá. Pro tamén é ben certo que estás en perigo de que che chegue a ocorrer algún día. Por eso che falo des- to, con amistosa lealtade, pois eu de todo corazón desexo que sigas libre dese perigo certo.

E non vaias pensar, como tantas veces lle ocorre ó edito- rialista de "Galicia emigrante", que todos os que en Galicia renunciámos ó cultivo da literatura ou do arte como instrumento de propaganda social-revo- lucionaria estamos anestesiados pra o problema da xusticia social. Nono penses, pois si o pensases equivocariáste tan rotundamente como ~~se~~ ise edito- rialista, cuas elucubracións, por certo, a min resúltanme sumamente simpáti- cas cando descarga nelas toda a inocente cólera pueril que domina ás veces o seu espírito, sin duda porque non pode evitar que o corazón lle asoballe a cabeza máis veces das necesarias. O que ocorre éche moi sinxelo de espli- car: somos moitos os que distinguimos nidamente o problema da xusticia so- cial como un fin en si mesmo, do "problema social" como vehículo propagan- dístico ó servicio de fins distintos. A confusión arte-literatura-loita de clases-Revolución, tan en boga fai 25 ou 30 anos, cando nós eramos rapaces, hoxe en Europa é un puro anacronismo (e Galicia, craro está, pertence a Eu- ropa). O tempo non pasa en valde. Nin os rapaces de hoxe pensan coma ~~os~~ fai 25 anos ~~se~~ pensaban os rapaces, nin os homes maduros pensan hoxe o mes- no que cando eran rapaces, fai 25 ou 30 anos. A esperiencia vital de cada un e maila esperiencia histórica colectiva non foron infecundas en orde á evolución do pensamento. A peor traxedia que lle pode pasar a un home é quedarse atrás en relación co tempo, "estancarse" nunha etapa da súa vida, por exemplo na mocidade, porque queda convertido paradóxicamente nun "vello" ~~se~~ condenado a unha crecente e amarga soedade. Por eso, á altura do tempo en que vivimos, o noso amor á xusticia -tanto á xusticia social, como ás demais- nos nos impide saber que a literatura, o arte i a cultura en xeneral valen por si mesmas e representan un papel propio no destino da humanidade que non se identifica necesariamente co papel do mero propagandismo revolucio- nario. Canto máis teñades esto en conta menos vos equivocaredes ó xuzgar as cousas delquí.

Bueno, acordame o papel. Unha a parte moi forte do teu amigo  
Ramón Piñeiro